



DEPORTE
GALEGO



Federación Galega de Pesca

REGULAMENTO DE LICENZAS



DEPORTE
GALEGO

REGULAMENTO DE LICENZAS

ÍNDICE

Artigo 1.- A licenza.

Artigo 2.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Artigo 3.- Condicións para a obtención da licenza, dereitos, deberes e perda da condición de federado.

Artigo 4.- Clases de licenzas.

Artigo 5.- Duración da licenza.

Artigo 6.- Licenzas de persoas físicas.

Artigo 7.- Licenzas de entidades deportivas.

Artigo 8.- Seguro de accidentes deportivos.

Artigo 9.- Expedición de licenzas.

Artigo 10.- Tramitación e emisión de licenzas.

Artigo 11.- Anulación de licenzas.

Artigo 12.- Protección de datos persoais.

Artigo 13.- Importe das licenzas.

Artigo 14.- Soporte e contido das licenzas.

Disposicións adicionais.

Disposición final.

Anexo I.- Importe dos distintos tipos de licenzas.

Anexo II.- Modelo de formato de licenzas.



Artigo 1.- A licenza.

A licenza federativa é o documento mediante o que se formaliza a relación de especial suxeición entre a Federación Galega de Pesca e Casting, (en diante FGPeC), e a persoa ou entidade da que se trate, xunto ao club ou sección deportiva á que pertence. Con ela, acredítase documentalmentemente a afiliación, valendo de título acreditativo para o exercicio dos dereitos e deberes recoñecidos polos Estatutos aos membros da FGPeC. No caso dos clubs e seccións deportivas a afiliación adquirese, e mantense, co pagamento do canon anual federativo establecido e aprobado en Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 2.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1. O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da FGPeC, co rango de regulamento, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, expresamente contemplado no artigo 5.1. h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.
2. O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da FGPeC e ás persoas integradas ou que desexen integrarse na mesma.
3. Esta norma ten por obxecto a regulación da licenza federativa autonómica da FGPeC.
4. Este Regulamento terá vixencia indefinida, e entrará en vigor na tempada 2025 (con data 1-1-2025), sen prexuízo da súa reforma, se procede, ou da modificación anual, por parte da Asemblea Xeral da FGPeC, dos importes das licenzas contidos no Anexo I deste regulamento.

Artigo 3.- Condicións para a obtención da licenza, dereitos, deberes e perda da condición de federado.

1. A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros da FGPeC a través dos distintos estamentos.
2. Para a participación en actividades ou competicións oficiais da FGPeC precísase estar en posesión da licenza federativa expedida por esta.
3. Poderán obter a licenza federativa aquelas persoas físicas e entidades deportivas que presenten a súa solicitude ante a FGPeC acompañada de copia do xustificante de pagamento da cota e acheguen, no caso das persoas físicas, copia do seu DNI ou pasaporte, e no caso das entidades deportivas documento



DEPORTE
GALEGO

de inscrición do club ou sociedade no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, na modalidade deportiva de Pesca, e cumpran e reúnan os demais requisitos esixidos no presente Regulamento.

Non poderán obter a licenza as persoas físicas ou xurídicas que estean inhabilitadas por sanción deportiva disciplinaria firme consistentes na suspensión ou privación da licenza federativa.

4. A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos.

Con carácter xeral, todos os federados da FGPeC teñen os seguintes dereitos e deberes:

1. DEREITOS DO FEDERADO:

a) A que lle sexa expedida a licenza federativa sempre e cando reúna os requisitos para a súa expedición.

b) Tomar parte nas competicións e actividades oficiais federativas, así como en cantas actividades sexan organizadas pola FGPeC dentro do marco das regulamentacións e normas que rexen o deporte da Pesca.

c) A recibir a tutela da federación con respecto aos seus intereses deportivos lexítimos.

d) Estar en posesión dun seguro médico que cubra os danos e riscos derivados da práctica da Pesca.

e) A ser convocados para as correspondentes seleccións galegas, cando así o fagan merecedor os criterios técnicos federativos, e o acorden os órganos da FGPeC, dentro do exercicio das súas competencias propias

f) A participar nos procesos electorais dos órganos de goberno e representación da FGPeC e ser elixidos para os mesmos, nas condicións establecidas nos regulamentos electorais federativos.

g) Estar representados na Asemblea Xeral da FGPeC, con dereito a voz e a voto.

h) Separarse libremente da Federación.

i) A percepción de axudas da administración pública ou de persoas e entidades privadas para o exercicio do seu deporte.



DEPORTE
GALEGO

j) A impugnar, de conformidade coa normativa aplicable, os acordos adoptados polos órganos federativos.

k) A someter voluntariamente os seus conflitos internos, relativos a cuestións relacionadas coa actividade deportiva, non incluídos no ámbito das potestades delegadas públicas, á conciliación, mediación ou arbitraje da FGPeC.

l) A acceder a tódolos servizos e prestacións que a FGPeC ofrezca en cada momento aos seus federados.

2. DEBERES DO FEDERADO:

a) Estar en posesión da licenza federativa da FGPeC e ter aboada a cota correspondente.

b) Cumprir os acordos dos órganos de goberno e disciplina da FGPeC.

c) Cumprir os estatutos, regulamentos e demais normativa que sexa de aplicación.

d) A dispor, para poder participar en competicións deportivas oficiais da FGPeC, dun seguro de responsabilidade civil do Pescador coas coberturas mínimas que en cada momento esixa a normativa de competicións da FGPeC.

e) Acatar as prescricións contidas nos Estatutos, normas e regulamentos, e os acordos validamente adoptados polos órganos federativos.

f) Cooperar en todo momento ao cumprimento dos fins da Federación.

g) Acudir ás seleccións deportivas galegas e aos programas específicos federativos encamiñados a favorecer a súa formación, rendemento ou desenvolvemento deportivo.

h) Aqueles outros que lle veñan impostos pola lexislación vixente, polos Estatutos, normas, regulamentos, ou polos acordos validamente adoptados polos órganos federativos.

i) Someterse aos controis antidopaxe para os que fose requirido. Os deportistas con dereito a participar en competicións oficiais de calquera ámbito, estarán obrigados a someterse aos controis antidopaxe durante as competicións ou fóra delas, a requirimento de calquera Organismo con competencias para ilo.



3. PERDA DA CONDICIÓN DE FEDERADO:

A condición de federado perderase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Falecemento ou disolución da entidade deportiva.
- b) Vontade propia.
- c) Por sanción disciplinaria firme consistente na suspensión ou privación de licenza, ou por acordo motivado da Asemblea Xeral da FGPeC.
- d) Por non renovación da licenza ou falta de pago.
- e) Participar nun campionato nacional, representando a outra federación autonómica, sen autorización expresa da FGPeC.
- e) No suposto de entidades, pola baixa no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

A perda da licenza polas causas sinaladas no apartado d) e e) será automática, no caso das persoas físicas. No caso das persoas xurídicas, o non pagamento do canon anual federativo dentro do exercicio anual da federación, nin inicio de procedemento ou actuación nos seis meses posteriores á data do remate dese exercicio, levará aparellada a perda automática da condición de membro da FGPeC. No caso do apartado e) a perda será automática.

4. As licenzas expedidas pola FGPeC habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Federación Española de Pesca e Casting, agás acordo contrario da Asemblea Xeral da FGPeC, ou de calquera outro órgano federativo, dentro do cumprimento das competencias propias da FGPeC.

Artigo 4.- Clases de licenzas.

1. LICENZA FEDERATIVA DE PERSOAS FÍSICAS:

No seno da FGPeC existirá unha licenza federativa autonómica para persoas físicas que habilita ao seu titular a participar en actividades ou competicións deportivas oficiais de carácter autonómico e de ámbito territorial superior, agás acordo contrario da Asemblea Xeral da FGPeC, ou de calquera órgano federativo, dentro do cumprimento das competencias propias da FGPeC, así



DEPORTE
GALEGO

como noutro tipo de actividades de carácter competitivo, ou non competitivo, autorizadas pola FGPeC, dentro do ámbito territorial galego.

A licenza federativa autonómica de persoas físicas é válida para os estamentos de deportistas, xuíces e árbitros e outros colectivos, sen distinción por razón de idade, sexo, nacionalidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

As licenzas federativas autonómicas asignaranse aos estamentos anteriores, conforme ao establecido nos Estatutos e nos acordos validamente acadados pola Asemblea Xeral da FGPeC.

2. LICENZA FEDERATIVA DE ENTIDADES DEPORTIVAS:

O xustificante do pago do canon anual de entidade deportiva á FGPeC, habilita a ese club ou sociedade de pesca a participar en actividades ou competicións deportivas oficiais de carácter autonómico e de ámbito territorial superior, agás acordo contrario da asemblea da FGPeC, ou de calquera órgano federativo, dentro do cumprimento das competencias propias da FGPeC, así como noutro tipo de actividades de carácter competitivo, ou non competitivo, autorizadas pola FGPeC, dentro do ámbito territorial galego.

As licenzas federativas autonómicas de entidades deportivas, asignaranse ao correspondente estamento de Entidades Deportivas, conforme ao establecido nos Estatutos e nos acordos validamente acadados pola Asemblea Xeral da FGPeC.

Artigo 5.- Licenzas de persoas físicas.

O período de validez das licenzas de persoas físicas e entidades deportivas é dun ano natural, é dicir, do 1 do 1 ao 31 do 12.

Artigo 6.- Licenzas de persoas físicas.

1. DEPORTISTAS.

Os deportistas para obter a licenza federativa de persoas físicas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 2.

Esta licenza poderá estar vinculada a unha entidade deportiva federada ou non, neste último caso adscribiranse como “deportistas individuais” figurando no nome do club a denominación “Individual”.

Os deportistas participantes en campionatos oficiais deberán competir polo mesmo club ou sociedade, sempre que se trate dunha mesma especialidade



deportiva, durante tódalas fases da competición, agás no caso dos “deportistas independentes” que non poderán inscribirse en competicións oficiais. Para participar en competicións oficiais é imperativo facelo representando a un club ou sociedade de Pesca, e os únicos habilitados para inscribir deportistas en competicións oficiais da FGPeC, son os clubs ou sociedades de pesca.

No caso de deportistas que participen en competicións oficiais, en distintas especialidades e por distintos clubs ou sociedades de pesca, deberán dispor de tarxeta federativa asociada a cada club ou sociedade de pesca que representen. Nestes casos, os deportistas deberán comunicar cada tempada, antes do 28 de febreiro en que especialidade van competir nesa tempada e por que club. De non facelo así deberán competir ao longo da tempada polo mesmo club que participaron na primeira competición do ano en curso, sexa cal sexa a especialidade na que o club o inscriba.

2. XUÍCES E ÁRBITROS.

Os xuíces e árbitros da FGPeC, para obter a licenza federativa de persoas físicas, deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 2 e dispor do correspondente título ou carné expedido pola FGPeC, que o habilite como xuíz de algunha das especialidades deportivas previstas nos Estatutos.

Artigo 7.- Licenzas de entidades deportivas.

A FGPeC admitirá, exclusivamente, como membros a aqueles clubs ou sociedades deportivas, inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia na modalidade deportiva de Pesca.

Artigo 8.- Seguro de accidentes deportivos.

1. A licenza federativa para persoas físicas leva implícito o seguro obrigatorio deportivo de accidentes regulado no artigo 28.4 da Lei do Deporte de Galicia, coa cobertura de accidentes deportivos e asistencia sanitaria (danos propios) en competicións ou adestramentos de ámbito autonómico e estatal.

2. A licenza federativa, ademais das coberturas de accidentes deportivos, inclúe un seguro de responsabilidade civil (danos a terceiros) do deportista-pescador cuxas prestacións e capital asegurado variarán en función da póliza que a FGPeC subscriba en cada tempada..

Artigo 9.- Expedición de licenzas.

1. A FGPeC, na súa condición de delegada no exercicio desta función pública de carácter administrativo, é competente, en réxime de exclusividade, para emitir e



DEPORTE
GALEGO

tramitar licenzas federativas da modalidade de pesca na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2. A FGPeC exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou substitución algunha sen autorización da Administración deportiva autonómica.

3. A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a súa expedición cando o solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

Artigo 10.- Tramitación e emisión de licenzas.

1. As solicitudes de licenza deberán ser formuladas polas persoas interesadas, polos clubs ou asociacións aos que pertencen, ou polos seus representantes legais, achegando a documentación indicada no artigo 2 deste Regulamento acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos, a través da páxina web da FGPeC, no caso das licenzas individuais, e a través dos seus propios clubs ou sociedades de pesca no resto dos casos.

2. A solicitude de licenzas federativas, para o ano en curso, poderá formularse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano.

3. No caso de licenzas de persoas físicas solicitadas a través dun club ou sociedade de pesca, a FGPeC remitirá á entidade deportiva, no prazo máximo de cinco días despois de recibida a solicitude, as novas licenzas en vigor.

4. As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.

5. A tramitación das solicitudes será realizada pola persoa, membro da Xunta Directiva da FGPeC, que nese momento, por razón de dispoñibilidade, estea á fronte deses trámites. Na FGPeC nin dispoñemos de persoal administrativo nin temos designadas competencias administrativas específicas para ningún dos membros da Xunta Directiva.

6. No caso de que a solicitude non cumpra os requisitos esixidos neste regulamento requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7. A resolución sobre concesión ou denegación da licenza é competencia do Presidente da FGPeC.



DEPORTE
GALEGO

8. As solicitudes de licenzas deberán ser emitidas ou, no seu caso, denegadas de forma motivada, no prazo máximo dun mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada. No caso de non emitirse a licenza no referido prazo a mesma entenderase outorgada,

9. O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10. Contra a denegación da licenza solicitada caberá recurso, no prazo dun mes, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 11.- Anulación de licenzas.

1. Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.

b) No caso de licenzas de persoas físicas solicitadas a través dunha entidade deportiva, a devolución das licenzas por parte da entidade cando estas non foran retiradas polos seus socios.

c) No caso das licenzas outorgadas por silencio positivo, sempre que a federación acredite que non reunía os requisitos para obtela. Neste suposto e antes de resolver concederáselle ao federado un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.

2. O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia, e na súa tramitación que correrá a cargo da Xunta Directiva da FGPeC, deberá garantirse a audiencia ao interesado por un período de 5 días hábiles.

3. A resolución anulando ou mantendo a eficacia da licenza é competencia do Presidente da FGPeC, e fronte á mesma caberá recurso no prazo dun mes ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Artigo 12.- Protección de datos persoais.

1. A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas



DEPORTE
GALEGO

federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3. Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.

4. Os federados deberán autorizar á FGPeC e aos seus patrocinadores institucionais a gravar ou fotografar, total ou parcialmente, por calquera medio, a súa participación nas competicións oficiais, así como a publicar e difundir esta do xeito que a FGPeC considere oportuno, para a promoción da actividade da pesca deportiva, sen prexuízo do exercicio por parte do deportista, en calquera momento, dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición dos seus datos persoais ante a FGPeC.

Artigo 13.- Importe das licenzas.

1. O importe das licenzas será o fixado para cada anualidade pola Asemblea Xeral da FGPeC, segundo se recolle no Anexo I do presente regulamento.

2. No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

Artigo 14.- Soporte e contido das licenzas.

1. As licenzas federativas emitiranse en soporte papel ou electrónico.

2. O formato das licenzas federativas é o recollido no Anexo II do presente regulamento.

3. No documento da licenza, deberán consignarse claramente os seguintes datos:

a) O selo, logotipo e denominación da FGPeC.

b) A tempada para a que está en vigor.

c) Nome e apelidos da persoa titular.

d) Data de nacemento da persoa titular.



- e) Entidade deportiva a cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza,.
- f) Dereitos federativos. Este contido é substituído pola súa remisión ao artigo 3 do presente Regulamento de Licenzas da FGPeC.
- g) As prestacións, o capital asegurado e o importe da prima do seguro obrigatorio deportivo de accidentes e asistencia sanitaria, cando se trate da licenza federativa de persoas físicas.

Disposición adicional primeira.

No caso de conflito entre as competencias propias da FGPeC e as competencias públicas que esta exerce por delegación, terán sempre prioridade as competencias propias da FGPeC, en concordancia co exposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e co artigo 2 deste Regulamento.

Disposición adicional segunda.

O artigo 3 da Constitución Española declara ao castelán como a lingua oficial do Estado e establece, asemade, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos. Ao abeiro de dita norma constitucional, seis Estatutos de Autonomía declaran a oficialidade das súas respectivas linguas nos territorios desas Comunidades Autónomas. Polo que precede, na tarxeta federativa da FGPeC aparecerá exclusivamente o idioma galego.

Disposición adicional terceira.

Para a obtención da Licenza Federativa da FGPeC, non se fai ningún tipo de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Agás nos supostos recollidos no artigo 2.3 deste Regulamento.

Disposición adicional cuarta.

En función dos distintos escenarios nos que se desenvolven, dos equipos deportivos usados e das especies obxecto da pesca (en Pesca) ou obxectivos (en Casting) e sistemas de execución, as Competicións de Pesca e Casting divídense en tres grandes Áreas e estas a súa vez, en diferentes probas que se contemplan en cada unha das nosas Especialidades de Pesca e Casting, oficialmente recoñecidas, de acordo ao seguinte cadro:



DEPORTE
GALEGO

Áreas	Especialidades	Probas	Categorías	Ámbito
Pesca Continental	Salmónidos	Salmónidos Mosca	Xuventude Absoluta Veteranos Dúos	A P, A, S A A
		Salmónidos Lance	Xuventude Absoluta Veteranos Dúos Carnívoros Trout Area	A P, A, S A A A
	Auga Doce	Auga Doce Flotador	Absoluta	A
	Black-bass	Dende Beira Dende Pato	Absoluta Absoluta	A A
Pesca Marítima	Mar Costa	Lanzado Mar Costa	Xuventude Absoluta Veteranos Dúos Liga de Clubs Damas	A P, A, S A A A
		Corcheo Mar	Absoluta	A
		Dende Rocha	Absoluta	A
		Spinning Costa	Absoluta	P, A, S
	Embarcación	Fondeada	Xuventude Absoluta Dúos Clubs	A P, A, S A A
		Altura	Absoluta	A
Casting	Casting	Casting	Absoluta	A
Lenda: P = Provincial. A = Autonómico. S = Selectivo				

Disposición Final.- Entrada en vigor.

O presente regulamento foi aprobado pola Asemblea Xeral da FGPeC do 15 de febreiro de 2025.



DEPORTE
GALEGO

O PRESIDENTE DA FGPeC,
Asdo.: Manuel Mouzo Méndez

O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: Juan Manuel Castro Fuentes

ANEXO I

IMPORTES DAS LICENZAS	
CLASE	IMPORTE
FEDERADOS MENORES DE 18 ANOS	5.- €
FEDERADOS MAIORES DE 18 ANOS	20.- €

ANEXO II

MODELO LICENZA FEDERATIVA

**FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA**
Nº LICENZA: 0001

Póliza N.º 1108266151 SEGUROS BILBAO
Teléfono de accidentes: 902 456 645

NOME:
D.N.I.:
CLUBE:
DATA:

2025

Afiliado a la FEP y Casting